



# PENSARES GALEGOS MULLERES DECISIVAS





Fundación  
GALIZA  
SEMPRE

Edita: FUNDACIÓN GALIZA SEMPRE  
Avda. Rodríguez de Viguri 16, baixo. 15702 Santiago. Galiza  
[www.galizasempre.org](http://www.galizasempre.org)

Dirección: Xabier Macías

Coordinación e Documentación: Sandra González

Publicación subvencionada por:



Diseño: uqui llll cebra

Impresión: Litonor

Depósito Legal: C-1.823-2005

**MARÍA XOSÉ AGRA ROMERO**  
(Santiago de Compostela, 1956)

*Doutora en Filosofía. Profesora Titular USC*



Integrante da primeira promoción de licenciados en Filosofía da Universidade de Santiago (1980) doutórase catro anos despois cunha tese sobre a teoría ética de J. Rawls, recibindo o premio extraordinario de doutoramento da Facultade de Filosofía e Ciencias da Educación da Universidade compostelá. Imparte docencia desde 1979 nesa mesma facultade, onde actualmente é profesora titular no Departamento de Lóxica e Filosofía Moral, que dirixiu desde o 2000 ao 2004.

As súas investigacións están orientadas fundamentalmente en torno a dúas liñas: a xustiza e a teoría crítica feminista desde a perspectiva da filosofía política e moral. Foi unha das fundadoras da Sociedade Iberoamericana de Filosofía Política (México) e impartiu numerosos cursos e conferencias en diferentes foros de ámbito estatal e internacional.

Participou, a principios dos anos noventa, na constitución da Secretaría da Muller da CXTG e da CIG e foi presidenta da Xunta de Persoal Docente e Investigador da Universidade de Santiago de Compostela

nas primeiras eleccións de persoal que houbo nesta institución académica.

Nas eleccións municipais de 1999 presentouse no número dez da candidatura do Bloque Nacionalista Galego (BNG) ao Concello de Santiago de Compostela, que encabezaba outra muller: Encarna Otero.

Pertence á Área de Pensamento do Seminario de Estudos Galegos e colabora coa Aula Castelao de Filosofía participando como relatora en distintas ocasións na Semana Galega de Filosofía que anualmente organiza esta entidade. Forma parte xunto con outras mulleres galegas da Comisión Técnica de Xénero integrada na Sección de Filosofía e Pensamento do Consello da Cultura Galega creada o 24 de febreiro de 2005, aniversario do nacemento de Rosalía de Castro.

Colabora habitualmente con publicacións como *A Trabe de Ouro*. *Publicación galega de pensamento crítico*, *Festa da Palabra Silenciada* ou *Andaina. Revista Galega de Pensamento Feminista*.

### Principais publicacións

*La justicia como equidad: neocontractualismo y crítica desde el género-sexo*. Alicia H. Puleo (coord.). La Filosofía contemporánea desde una perspectiva no anarcocéntrica. Madrid: M.E.C. Secretaría de Estado de Educación, 125-136. (1993).

*Fraternidad (un concepto político a debate)*. Revista Internacional de Filosofía (1994).

*Justicia y género. Algunas cuestiones relevantes en torno a la Teoría de la justicia de J. Rawls*. Anales de la Cátedra Francisco Suárez, 31, 124-145. (1994).

*Liberalismo, antiesencialismo e xustiza*. M<sup>a</sup> X. Agra (Coord.). Corpo de muller. Discurso, Poder, Cultura. Santiago: Laioveneto, 158-182. (1997).

*La teoría de la justicia de John Rawls*. M<sup>a</sup> Xosé Agra et alia. En torno a la justicia. A Coruña: Eris, cap. V, 257-318. (1999).

- El alcance de la justicia y las complejas desigualdades de género.* M. Ortega/ C. Sánchez/ C. Valiente (eds.). Género y ciudadanía. Revisiones desde el ámbito privado. Madrid: Ediciones de la Universidad Autónoma de Madrid, 11-36. (1999).
- Multiculturalismo, justicia y género.* C. Amorós (ed.). Feminismo y Filosofía. Madrid: Síntesis. (2000).
- Ciudadanía: el debate feminista.* F. Quesada (Ed.): Naturaleza y sentido de la ciudadanía hoy. Publicaciones UNED, Madrid, 2002.
- Justicia y género: la agenda del feminismo global.* C.Ortega/M<sup>a</sup> José Guerra (coords.): Globalización y neoliberalismo: ¿un futuro inevitable?. Ediciones Nobel, Oviedo, 2002.
- Ciudadanía: fronteras, círculos y cosmopolitismo.* Anales de la Cátedra Francisco Suárez Volumen 36 (2002).
- Liberalismo político e feminismo.* Grial. Revista Galega de Cultura Volumen:156 (2002).
- Galiza e Portugal: identidades e fronteiras. Actas do IV Simposio Internacional Luso-Galaico de Filosofía.* M<sup>a</sup> X. Agra Romero/Nel Rodríguez Rial (Eds). Santiago de Compostela, 28-29 de novembro de 2002. Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, 2003.
- Ciudadanía e igualdade: capacidades e necesidades.* Revista Portuguesa de Filosofía (2003).
- Internacionalismo, feminismo y justicia. La filosofía política de Martha C. Nussbaum.* En F. Quesada (ed.), Siglo XXI: ¿un nuevo paradigma de la política?. Anthropos, Barcelona, 2004.
- Antes y después de Rawls: la filosofía política en la brecha.* Revista Internacional de Filosofía Política (2004).
- El feminismo filosófico en España.* M<sup>a</sup> Luisa Femenías (comp.), Perfiles del feminismo Iberoamericano, Vol. 2. Ed. Catálogos, Buenos Aires, 2005.